

Informe de Coordinación
Grao en Enxeñaría Aeroespacial
Curso 2023/2024



Data de aprobación na Comisión de Calidade: 21/11/2024

Contido

0. INTRODUCCIÓN.....	3
I. INFORMACIÓN XERAL E DE COORDINACIÓN	3
II. ACCIÓNS DE MELLORA PROVINTES DO INFORME DE AVALIACIÓN DA RENOVACIÓN.....	4
III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN	5
III.1. Análise das guías docentes	5
III.2. Coordinación de coordinadores/as de curso	7
III.3. Coordinación de proxectos Stembach.....	10
III.4. Coordinación de sesións de orientación sobre as mencións do Grao en Enxeñaría Aeroespacial	11
IV. Conclusións	11
Anexo I. Actas de reunións de coordinación horizontal.....	12

0. INTRODUCCIÓN

A implantación dos estudos de grao na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo produciuse no curso 2016-2017, e xa están completados todos os procedementos. O esquema de coordinación do grao é o mesmo que en anos anteriores. Neste curso continuouse coa análise global do grao, nos principais indicadores das distintas materias; realizáronse as tarefas asignadas á coordinación do grao no que respecta á xestión das guías académicas e á coordinación vertical dos coordinadores de curso. Ao longo deste informe preséntase un resumo de información xeral relevante para a coordinación, das accións realizadas. Finalmente, nos anexos inclúense as táboas, actas e fichas das reunións de coordinación, de elaboración das guías docentes e dos proxectos Stembach.

I. INFORMACIÓN XERAL E DE COORDINACIÓN

Nome do título	Grao en Enxeñaría Aeroespacial
Centro onde se imparte a titulación	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
Universidade	Universidade de Vigo
Curso de implantación	2016/2017
Curso deste informe	2023/2024

Coordinación académica do título	Fermín Navarro Medina
Equipo coordinador do curso	1º curso: José Ramón Salgueiro Piñeiro 2º curso: Diego González Salgado 3º curso: David Álvarez González 4º curso: Carlos Ulloa Sande
Xefe de estudos	Diego Carou Porto
Coordinador de PAT	Diego Carou Porto
Coordinadora de prácticas curriculares externas (PE)	Diego Carou Porto
Coordinador de traballo fin de grao	Carlos Ulloa Sande
Coordinación de Calidade	Begoña Cid Iglesias / Carlos Ulloa Sande
Relacións internacionais	Carlos Ulloa Sande
Enlace de Igualdade	M ^a Nieves Lorenzo González
Coordinación de Promoción	Fernando Veiga López
Coordinación do proxecto StemBach	Fernando Veiga López

II. ACCIÓNS DE MELLORA PROVINTES DO INFORME DE AVALIACIÓN DA RENOVACIÓN

En relación coas recomendacións do informe final de avaliación para a renovación da acreditación, asociadas ao desenvolvemento das materias e á memoria do grao, o equipo directivo no curso 2023/2024 tomou as seguintes accións (descritas debaixo de cada recomendación):

1. *Recoméndase revisar a adecuación da carga de traballo requirida polo estudantado en relación cos créditos ECTS das materias. O alumnado indicou que existen diferenzas entre materias cos mesmos créditos asignados. Na fase de alegacións, o título propón unha acción de mellora para axustar en cada materia a carga de traballo ás horas non presenciais.*

Desde a coordinación do grao, durante a corrección das guías docentes tívose en conta que as horas non presenciais, e polo tanto a carga de traballo non presencial, se axustase ao indicado na memoria do grao.

2. *Recoméndase incrementar o número de empresas, organismos colaboradores e universidades para a realización das prácticas e intercambios. No período de alegacións propónse unha acción para establecer convenios para a realización das prácticas.*

Desde a coordinación de prácticas en empresa, traballouse na liña de obter convenios de colaboración con empresas como DeltaVigo, Megatech Industries, Binarial, Baliño, Alestis Aerospace, Grupo Oesía, Binarial, VicusDT, ou Resonac.

3. *Recoméndase valorar a conveniencia de realizar unha modificación da memoria que incorpore os aspectos indicados no autoinforme e no informe de acreditación. O título comenta na fase de alegacións que estudará o mecanismo para facer unha modificación da memoria.*

Desde a dirección da escola, tanto o curso pasado como neste, procedeuse a solicitar unha modificación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial. No caso do curso 2023/2024, a escola presentou unha modificación non substancial para adaptarse ao real decreto RD 822/2021, determinando o ámbito de coñecemento asociado á titulación. Tras consulta por parte do equipo directivo á Área de Calidade, incluíronse as modificacións propostas no Informe da Revisión do sistema correspondentes ao curso 2018/2019 para as materias de 1º e 2º e ao curso 2019/2020 para as materias de 3º e 4º. A ACSUG respondeu que as modificacións propostas eran substanciais, xa que afectaban á planificación da ensinanza e impactaban na natureza, obxectivos e características do título.

A normativa para facer efectiva no curso 2026/2027 a modificación da memoria é a seguinte:

- Presentar unha declaración de interese para a VERIFICACIÓN/MODIFICACIÓN de títulos de GRAO que se implanten no curso 2026/2027.
- Normativa reguladora máis relevante:
 - RD 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de garantía de calidade.
 - Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo Decreto 161/2015.

- Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e o Acordo do Consello de Goberno do 27 de setembro de 2024.

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Tras a implantación de todos os cursos do grao, neste curso traballouse nas seguintes accións:

- análise das guías docentes,
- coordinación de coordinadores/as de curso,
- coordinación de proxectos Stembach,
- coordinación da sesión informativa das mencións do grao.

III.1. Análise das guías docentes

Durante o curso 2023/2024, o coordinador do grao, apoiado polo coordinador de calidade, continuou coa revisión das guías docentes das materias en relación coa memoria do grao e coas directrices da universidade. Tras as revisións dos cursos anteriores, centrouse a revisión deste curso nos aspectos diferentes con respecto a outros anos, que se comentarán a continuación.

O plan de elaboración das guías docentes realizouse de acordo coas seguintes fases:

- Do 28 de maio ao 4 de xuño: recollida de suxestións e valoracións realizadas polo profesorado sobre a implantación da avaliación continua ou sobre renuncias a esta, sobre as probas de menos do 40% e temas relacionados.
- 10 de xuño: reunión de todo o profesorado do grao para falar das probas avaliábeis o día do exame oficial, porcentaxes, segundas oportunidades encubertas e a súa relación co procedemento de renuncia á avaliación continua, así como do establecemento dos calendarios de probas parciais e a súa relación co procedemento de renuncia á avaliación continua.
- 28 de xuño: comunicación ao profesorado por parte do coordinador de grao das conclusións da reunión do día 10 de xuño e das respostas ás dúbidas xurdidas nesa reunión por parte da área de calidade e do vicerreitorado de estudantes. Proporcionouse novamente a guía de recomendacións para a elaboración da guía, que se corresponde coa do curso anterior 2022/2023.
- Do 1 ao 2 de xullo: revisión por parte do coordinador de grao dos coordinadores de materia en DocNET.
- Do 3 ao 8 de xullo: elaboración das guías en DocNET por parte do profesorado, en galego e castelán (obrigatorios) e en inglés (opcional). Anunciouse que ata o día 3 de xullo non habería acceso a DocNET.
- Do 9 ao 10 de xullo: revisión da guía por parte do coordinador e solicitude por correo ao profesorado correspondente das propostas de modificación.
- Do 11 ao 12 de xullo: o profesorado realizará en DocNET os cambios acordados.

A partir das dúbidas xurdidas na reunión de profesorado do 10 de xuño, respecto das probas avaliábeis en data oficial, os porcentaxes avaliados en dita data, e a posibilidade de realizar ou non exames de recuperación, e tras as consultas realizadas tanto á Área de Calidade como ao Vicerreitorado de estudantes, estas foron as conclusións:

- Non existe inconveniente en que se exceda o 40% no porcentaxe avaliado o día do exame oficial, se o exceso corresponde a contidos que xa foron avaliados previamente.
- Segundo o punto anterior, existiría a posibilidade de realizar exames de recuperación.
- Se se realizan probas durante o curso con nota mínima, poden realizarse recuperacións deses contidos.
- Reflectir na guía se é obrigatorio renunciar á avaliación continua na 2ª oportunidade.
- Ao comezo do curso, e a través dos coordinadores de cada curso, fíxase un calendario coas datas das probas avaliáveis. Dito calendario deberá respectarse para favorecer a organización do alumnado. Prantexouse o seguinte procedemento:
 - Dáse un prazo para que o profesorado comunique as súas datas de probas de avaliación continua ao coordinador de cada curso e se chegue a un acordo por curso. Aquí debe acadarse un acordo sobre o tempo mínimo (días naturais ou días lectivos) que debe transcorrer entre dúas probas de avaliación continua de distintas materias do mesmo curso.
 - Unha vez pasado ese prazo, publícanse todas as datas por cursos en Moovi de grao. Isto permite que o alumnado comprobe se lles coinciden datas en caso de ter materias de distintos cursos.
 - Aqueles estudantes que, visto este calendario, decidan pedir avaliación global, poden facelo.

Tras o envío por parte dos/as coordinadores/as das materias, revisáronse as guías e lanzouse unha primeira proposta de cambios a moitas das materias. As solicitudes de cambio estiveron asociadas a:

- Planificación: axustar as horas presenciais e non presenciais de probas de avaliación e de metodoloxías docentes, utilizadas nas horas presenciais de clase, ao indicado na ficha da memoria.
- Que na planificación non existan probas que superen o 40%, ou no caso de existir, que haxa unha subdivisión en varias probas (todas de menos do 40%) explicada na casa de descrición da proba.
- Erratas no texto da sección “Outros comentarios sobre a avaliación”, asociadas ás traducións en distintos idiomas, ou á nomenclatura das oportunidades.
- Expor como é a avaliación global, a de segunda oportunidade e a de fin de carreira.
- Especificar as cualificacións coas que se aproba cada proba avaliábel.
- Facer corresponder as competencias da guía coa memoria do grao, tendo en conta ademais que:
 - CB. Competencias básicas -> A. Resultados de formación e aprendizaxe
 - CT. Competencias transversais -> D. Competencias
 - CE. Competencias específicas -> C. Habilidades
 - CG. Competencias xerais -> B. Coñecementos
- Que en “Outros comentarios sobre a avaliación” o alumnado sexa informado da posibilidade de avaliación global segundo estas frases:

(Castellano) El/La estudiante tiene derecho a optar por la evaluación global según el procedimiento y el plazo que establezca el centro para cada convocatoria.

(Galego) O/a estudante ten dereito a optar pola avaliación global segundo o procedemento e o prazo que estableza o centro para cada convocatoria.

(Inglés) The student has the right to opt for the global assessment according to the procedure and the deadline established by the centre for each call.

- Que estea publicada en galego, castelán e inglés cando aplique, que en todas as versións se diga o mesmo, e que se a materia pertence ao programa “English Friendly”, inclúa a seguinte frase:

(Galego) Materia do programa English Friendly. Os/as estudantes internacionais poderán solicitar ao profesorado: a) materiais e referencias bibliográficas para o seguimento da materia en inglés, b) atender as titorías en inglés, c) probas e avaliacións en inglés.

(Castelán) Materia del programa English Friendly: Los/as estudiantes internacionales podrán solicitar al profesorado: a) materiales y referencias bibliográficas para el seguimiento de la materia en inglés, b) atender las tutorías en inglés, c) pruebas y evaluaciones en inglés.

(English) English Friendly subject: International students may request from the teachers: a) materials and bibliographic references in English, b) tutoring sessions in English, c) exams and assessments in English.

- Que a linguaxe sexa inclusiva.
- Que as convocatorias se nomeen como: primeira oportunidade (first call), segunda oportunidade (second call) e convocatoria extraordinaria (fin de carreira) (end-of-program call).
- Que os tipos de avaliación se nomeen como: avaliación continua (continuous assessment) e avaliación global (exam-only assessment).
- En atención personalizada deben aparecer metodoloxías que inclúan a atención ao alumnado sobre todos os contidos avaliados nos exames, non só, por exemplo, as prácticas de laboratorio.
- Proponse ademais algunhas versións uniformadas respecto ao plaxio:

"Abstenerse de la utilización o cooperación en procedimientos fraudulentos en las pruebas de evaluación, en los trabajos que se realicen o en documentos oficiales de la universidad".

"Abstain of the utilisation or cooperation in fraudulent procedures in the proofs of evaluation, in the works that realise or in official documents of the university".

Ou a seguinte:

“En caso de detección de copia en calquera das probas (probas curtas, exames parciais ou exame final), a cualificación final será de SUSPENSO (0) e ou feito será comunicado á dirección do Centro para os efectos oportunos”

“En caso de detección de plagio en cualquiera de las pruebas (pruebas curtas, exámenes parciales o exame final), la cualificación final será de SUSPENSO (0) y el hecho será comunicado a la dirección del Centro para los efectos oportunos”.

“Plagiarism is regarded as serious dishonest behavior. If any form of plagiarism is detected in any of the tests or exams, the final grade will be FAIL (0), and the incident will be reported to the corresponding academic authorities for prosecution”.

III.2. Coordinación de coordinadores/as de curso

Levou a cabo unha reunión de coordinación entre o coordinador de grao e os/as coordinadores/as de curso. A seguinte táboa reflicte o que se tratou nesa reunión.

REUNIÓN DE COORDINACIÓN con COORDINADORES/AS DE CURSO, PRÁCTICAS e ALUMNADO

CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º, prácticas

FECHA: 23/07/2024

COORDINADOR DO GRAO: Fermín Navarro Medina (FNM)

Curso 1º: José Ramón Salgueiro (JRS)

Curso 2º: Diego González Salgado (DGS)

Curso 3º: David Álvarez (DA)

Curso 4º: Pedro Orgeira Crespo (POC)

Coordinador de prácticas: Diego Carou (DC)

Representación de alumnado: Uxía Lapido Sampetro (ULS), Gabriel Rodríguez Valverde (GRV)

ANÁLISE:

1. Cada coordinador/a realizou este curso:
 - **1º Reunión de coordinación:** 3 reunións 7/9/23, 10/1/24, 21/2/24.
 - **2º Reunión de coordinación do primeiro e segundo cuatrimestre.**
 - **3º Reunión de coordinación do primeiro e segundo cuatrimestre.**
 - **4º Reunión de coordinación do primeiro (Carlos Ulloa) e segundo cuatrimestre.**
2. O coordinador de grao repasa as accións de coordinación deste curso: 0. **Novos coordinadores:**
 - lista de correos de profesores de cada curso.
 - actas de reunión por cuatrimestre.
3. Lembrouse que no momento de realizar os calendarios de probas avaliábeis parciais e saídas, na medida do posible, separar as probas alomenos 3 días (antes era unha proba á semana).
4. Lembrouse que o calendario que se fixe a principio de cuadrimestre se respecte, e que o coordinador de curso informe das diferencias acontecidas na reunión de final do segundo cuadrimestre.
5. Recordáronse aos profesores por parte da dirección do procedemento de renuncia á avaliación continua. Os alumnos dispoñen dun mes a principio de cada cuadrimestre para encher e entregar a solicitude.
6. Pediuse aos coordinadores que preguntaran aos profesores se saben de antemán que semanas non van a utilizar algunha das aulas con ordenadores, das que teñan reservadas, de forma que se puidese aliviar un pouco a sobreocupación que existe das mesmas.
 3. **Incidencias reportadas dos coordinadores de curso** (os acrónimos dos participantes quedan definidos na parte superior da táboa):
 - **Primeiro: JRS:** o máis sinxelo é facer unha reunión a primeira semana do cuadrimestre. Do alumnado que asista, un representante no IC aínda que non haxa delegado.
 - **Segundo:**
 - ULS: houbo 3 exames nunha semana sen posibilidade de cambio. Os exames estaban previstos, pero había un sen data concreta (estadística), no 2ºC.
 - DC: ao principio de febreiro iniciou a confección do calendario (12/02), pero xa a mediados de febreiro fixéronse as datas das probas.
 - ULS: resulta complicado coordinar co alumnado de 3º e 4º con materias de 2º, pero habería que considerar materias como as de Mecánica de fluídos e Electrónica e automática para que se teñan en conta nos calendarios de 3º e 4º.

- GRV: os profesores de electrónica poñen os parciais de forma separada. Suxire que se fixen datas tentativas desde o principio.
 - ULS: houbo un parcial da parte de elasticidade a final do cuadrimestre que fixo Borja, que non figuraba no calendario inicial. Da parte de resistencia fixo unha proba a última semana que tampouco figuraba no calendario.
 - **Terceiro: DA: Mecánica Analítica e Orbital** moveu a súa data de exame para encaixar Mecánica de Flúidos I de segundo.
 - **Cuarto: GRV:** en SGI había entrega o día que houbo unha saída non anunciada con suficiente antelación de Sistemas de Navegación.
 - **Prácticas:** realízanse 14 prácticas curriculares. 16 prácticas extracurriculares. Para 24/25 fixéronse cambios nos horarios para compatibilizar as prácticas. As prácticas deben ser 3 días seguidos á semana.
4. Debateuse sobre as posibles formas de coordinación para o curso 24/25, e a planificación do curso que vén, focalizándoo no alto número de parciais a metade de curso, e nas opcións para organizar esas datas.
5. **Varios:**
- ULS: Hai profesores que non usan Moovi.
 - GRV: propón que se poida tratar o feito de que unhas materias gardan cualificacións de cursos anteriores e outras non. O profesorado na reunión comenta que non é tema de coordinación, posto que queda ao criterio do profesor de cada materia.

ACCIÓNES:

1. Entregar as actas de reunións antes do 15 de setembro, para o informe de coordinación.
2. Realizar a coordinación de cada curso mediante reunión online ou presencial preferiblemente (e se non é posible, por correo): a reunión a principio de cuadrimestre realizarase con todos os coordinadores de materia de cada curso, convidando tamén ao alumno/a delegado do curso.
3. Fixar a data final de elaboración do calendario, segunda semana como moito (20 de setembro para o 1C). Lémbrese que no calendario figuren as entregas e presentacións dos traballos e proxectos, parciais e saídas de campo. Elaborar os calendarios por curso mediante arquivo excel compartido, pero revisar o calendario global despois. Despois de elaborar os calendarios de cada curso, o coordinador de grao elabora o calendario global para publicar en Moovi.

Por parte deles, cada coordinador de curso efectuou diversas accións de coordinación horizontal. A continuación preséntase un resumo desta coordinación, e as actas de todas as reunións realizadas no anexo I.

As reunións de coordinación por cursos céntranse principalmente na elaboración dun calendario de exames, entregas de traballos e visitas, organizado de tal maneira que as distintas actividades se atopen distribuídas polo maior número de semanas do cuadrimestre, e tratando de evitar os solapamentos destas actividades. Ademais, nas reunións de primeiro curso, debateuse sobre as probas avaliábeis parciais e os horarios de realización destas probas avaliábeis, para que non entraran en conflito con outras materias e outras actividades aprobadas pola Xunta de Escola.

III.3. Coordinación de proxectos Stembach

Dentro das tarefas de coordinación do grao, levouse a cabo a coordinación dos proxectos StemBach por parte do coordinador do grao no primeiro cuadrimestre e por parte do coordinador de promoción no segundo cuadrimestre. A modo de resumo, a lista de proxectos ofertados por profesores da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo preséntase na seguinte lista (clasificados por bienios). Preséntanse os bienios que afectan ao curso 2023/2024.

Bienio 2022-2024
Proxectos sen asignación de centro
Control de orientación de paneis solares Tutor: Pedro Orgeira Crespo
Estación de recarga de drons de despegue vertical (VTOL UAV) Tutor: Pedro Orgeira Crespo
Plataforma didáctica para o estudo do control de estabilidade dunha aeronave de ala fixa: lóxica de control Tutor: Pedro Orgeira Crespo
Proxectos con asignación de centro e defendidos polo alumnado
Plataforma didáctica para o estudo do control de estabilidade dunha aeronave de ala fixa: control do alerón con Arduino Tutor: Pedro Orgeira Crespo Centro asignado: CPR Plurilingüe Compañía de María (Vigo) Fecha de defensa: 11 de abril de 2024
Plataforma didáctica para o estudo do control de estabilidade dunha aeronave de ala fixa: determinación da deflexión do alerón Tutor: Pedro Orgeira Crespo Centro asignado: IES de Ortigueira (Ortigueira) Fecha de defensa: 12 de abril de 2024

Bienio 2023-2025
Proxectos sen asignación de centro
Impactos do cambio climático no sector aeronáutico Tutor: M ^a de las Nieves Lorenzo González Centro asignado: pendente de asignación
Plataforma didáctica para o estudo do control de estabilidade dunha aeronave de ala fixa: determinación da deflexión do alerón Tutor: Pedro Orgeira Crespo Centro asignado: pendente de asignación
Satélites aplicados á loita contra cambio climático Tutor: M ^a de las Nieves Lorenzo González Centro asignado: pendente de asignación
Proxectos con asignación de centro

Detección de incendios forestais por medio de UAV e visión artificial: proba de concepto baseada nun Tello drone
--

Tutor: Pedro Orgeira

Centro asignado: IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)

Control de orientación de paneis solares
--

Tutor: Pedro Orgeira

Centro asignado: IES Eduardo Blanco Amor (Ourense)

III.4. Coordinación de sesións de orientación sobre as mencións do Grao en Enxeñaría Aeroespacial

O martes 30 de abril ás 9:00, realizouse unha charla sobre as mencións para o alumnado de 2º curso do grao, de xeito que poidan facerse unha idea de ambas mencións e elixir con máis información. Varios profesores de materias de mención explicaron as súas materias, mentres que o resto o fixo mediante un parágrafo resumo da materia. Por parte da representación do alumnado de 3º e 4º, realizouse unha presentación e responderon ás dúbidas dos seus compañeiros de 1º e 2º.

IV. Conclusións

As reunións de coordinación entre o coordinador de grao, membros da dirección, coordinadores de curso, coordinadores de prácticas e TFG, realizadas durante o curso 2023/2024, permitiéronnos reflexionar sobre os aspectos docentes e analizar as principais incidencias, debilidades e fortalezas co fin de establecer as accións de mellora adecuadas. No caso de detectar algún problema, permiten abordar de forma áxil a busca de posibles solucións. Neste informe recóllense as evidencias documentais dalgunhas destas reunións.

Durante o desenvolvemento deste curso académico utilizouse como referencia o informe final de avaliación para a renovación da acreditación, no que se indican algúns puntos fortes da titulación como que “as actividades académicas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación están a desenvolverse conforme ao establecido na memoria”, ou que existe “unha coordinación da titulación adecuada”, ou un bo desenvolvemento do profesorado á hora de “xerar material docente”. Como puntos académicos a mellorar e que se abordaron en maior ou menor medida durante este curso, quedaron: a) a revisión da memoria para unha posible modificación de acordo co autoinforme e co informe de acreditación, b) a revisión da adecuación da carga de traballo do estudantado en relación cos créditos ECTS, e c) a revisión do número de empresas con convenio para a materia de “Prácticas en Empresa”.

Por outra banda, desenvolvéronse labores de coordinación vertical cos coordinadores de curso, para continuar co seguimento dos problemas de interrelación entre materias, non detectándose problemas novos relevantes. Tamén se levou a cabo a coordinación dos proxectos StemBach, defendéndose un 100% dos proxectos asignados a centros no período 22-24 (un 40% do total de proxectos ofertados), por parte de alumnos e alumnas dos institutos de secundaria e bacharelato baixo a titoría de profesores do propio instituto e da Escola de Aeronáutica e do Espazo.

Anexo I. Actas de reunións de coordinación horizontal

Curso 1º. José Ramón Salgueiro

Durante o primeiro cuadrimestre realizouse a coordinación mediante dúas reunións resumidas nas seguintes táboas:

REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE PRIMEIRO CURSO	
CURSO: 2023/24	DATA: 7 de setembro de 2023
COORDINADOR DO CURSO: José Ramón Salgueiro Piñeiro	
ASISTENTES: Iván Area (Cálculo I), Xabier García (Álgebra), Martín Pérez (Informática), Juan Carlos Riol (Expresión Gráfica), Alejandro Cabrera (Física I), José Ramón Salgueiro (Coordinador de curso)	
ANÁLISE:	
<p>A reunión deu comezo ás 12.30 e foi convocada co gallo de discutir, organizar e fixar as probas de avaliación continua a desenvolver durante o cuadrimestre. O coordinador informa que a normativa aprobada polo Claustro Universitario en abril de 2023 introduce novidades substanciais que prevén un incremento no número de probas de avaliación polo que se considerou pertinente convocar esta reunión para tratar de organizalas o mellor posible. Entre estas novidades cómpre salientar as seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. A avaliación ha de facerse defectivamente pola modalidade de avaliación continua. 2. Cada proba de avaliación non pode contabilizar máis que un 40% da cualificación global. 3. As probas teñen que ser realizadas dentro do horario lectivo. Cando iso non sexa posible poderán facerse noutro horario, pero o tempo asignado contabilizará necesariamente como tempo lectivo. <p>Asimesmo informouse ós asistentes que segundo se recomendou na reunión de coordinadores do pasado mes de xullo, na que se analizaron as consecuencias desta normativa, na medida do posible deberían mediar dous días entre proba e proba de avaliación.</p> <p>Con isto, os diferentes profesores asistentes narraron as súas intencións de acordó coa programación de probas de avaliación e tras unha breve discusión acerca de como encaixar mellor as diferentes probas no horario lectivo propúxose o calendario que figura a continuación:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Expresión gráfica: dúas probas os días 25 de outubro e 30 de novembro 2. Cálculo: dous exames os días 11 de outubro e 28 de novembro 3. Física I: unha proba o día 8 de novembro 4. Álgebra: dous exames os días 31 de outubro e 5 de decembro 5. Informática: tres exames que quedan pendentes de fixar xa que, segundo o responsable, debe consultalo cos demais membros da plantilla docente asignada á materia. <p>Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas</p> <p>Ourense, 7 de setembro de 2023</p> <p>José Ramón Salgueiro (Coordinador de primeiro curso)</p>	
PROPOSTAS DE MELLORA:	
Non proceden	

REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE PRIMEIRO CURSO

CURSO: 2023/24

DATA: 10 de xaneiro de 2024

COORDINADOR DO CURSO: José Ramón Salgueiro Piñeiro

ASISTENTES: Pablo de Carlos (AE), Alejandro Gómez (Tecnoloxía Aeroespacial), Matías Regueiro (estudante delegado de curso), José Ramón Salgueiro (Física II e coordinador de curso).

ANÁLISE:

A profesora Begoña Cid excusou a súa asistencia e enviou unha proposta de dúas datas para as probas de avaliación de Cálculo II para seren consideradas na xuntanza. Pola súa banda, o profesor J. Luís Alonso enviou con posterioridade a súa proposta para a asignatura de Química, adaptada ó calendario provisional que se enviou logo da xuntanza.

A reunión deu comenzo ás 12 horas. A finalidade era discutir, debatir e fixar as datas das distintas probas de avaliación continua que se realizarán ó longo do cuadrimestre. O coordinador informa que, malia que o calendario que se pretende organizar pode ser modificado a posteriori, e dado que a dirección da escola ten que fixar un prazo dentro do cal os estudantes poden optar pola avaliación global, é de gran importancia non realizar cambios nas datas das probas unha vez finalice o devandito prazo. Asimesmo informa que, segundo se recomendou na reunión de coordinadores do pasado mes de xullo, entre proba e proba deberían mediar alomenos dous días.

Con todo, tras un pequeno debate, acordouse fixar ás seguintes probas de avaliación, incorporando as propostas da Prof. Begoña Cid e do Prof. José Luís Alonso:

1. Tecnoloxía aeroespacial: unha proba o día 5 de abril
2. Administración de Empresa: o carácter de continuidade da avaliación non prevé probas merecedoras de aparecer no calendario
3. Física II: catro probas os días 26 de febreiro, 15 de marzo, 12 de abril e 6 de maio
4. Cálculo II: dúas probas os días 21 de marzo e 2 de maio
5. Cinco probas os días 22 de febreiro, 12 de marzo, 8 de abril, 15 de abril (tarde) e 30 de abril

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12.45 horas

Ourense, 10 de xaneiro de 2024

José Ramón Salgueiro
(Coordinador de primeiro curso)

PROPOSTAS DE MELLORA:

Non proceden

Durante o segundo cuadrimestre realizouse a coordinación mediante dúas reunións resumidas nas seguintes táboas:

REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE PRIMEIRO CURSO	
CURSO: 2023/24	DATA: 21 de febreiro de 2024
COORDINADOR DO CURSO: José Ramón Salgueiro Piñeiro	
ASISTENTES: Iván Area (Cálculo I), Xabier García (Álgebra), Juan Carlos Riol (Exposición Gráfica), Alejandro Cabrera (Física I) e José Ramón Salgueiro (Coordinador de curso). Excusou asistencia a profesora Nieves Lorenzo (Física I)	
<p>ANÁLISE:</p> <p>A reunión deu comezo ás 12.00 e foi convocada co gallo de discutir distendidamente sobre a actividade docente do primeiro cuadrimestre.</p> <p>O profesor Alejandro Cabrera empeza facendo un comentario respecto a organización das prácticas das asignaturas de Física I, Cálculo I e Álgebra. Di que, se ben non houbo maior problema, si que sería desexable para vindeiros cursos establecer grupos cun número semellante de estudantes, xa que no curso presente o número estaba descompensado e tivo algunha dificultade para poder ubicar no laboratorio os grupos máis grandes.</p> <p>Por outra parte o profesor Iván Area amosa o seu descontento cun dos profesores sustitutos que tivo a materia de Cálculo I este pasado cuadrimestre. Aparte de que o seu método docente é criticable, aínda que non o cuestiona por respecto a liberdade de cátedra que ampara a cada profesor, manifesta que si foi cuestionable a súa actitude cara ó estudantado, e chegou a xenerar alguna queixa que non se chegou a formalizar por ningunha canle oficial.</p> <p>O profesor Juan Carlos Riol conta xa que é profesor de instituto ten certas restricións horarias e polo tanto gustaríalle para o curso que vén ter un horario máis convinte para poder impartir a asignatura completa. O coordinador infórmalle que, unha vez que a dirección propón os horarios provisionais de clase, sempre convoca unha reunión co profesorado para facer os axustes necesarios, antes de seren aprobados pola Xunta de Centro.</p> <p>O profesor Xabier García conta que este ano está moi contento co alumnado e co seu rendemento académico.</p> <p>O profesor Iván Area comenta sobre a aula multiusos que están a usar, entre outros, os estudantes de primeiro. Manifesta que as sillas que teñen os postos non son axeitadas e que deben ser substituídas por outras que teñan unhas prestación mínimas para a finalidade á que están destinadas. O resto de asistentes concordan con esa opinión. O profesor Alejandro Cabrera manifesta, ademais, que outros elementos da aula non son tampouco axeitados, como por exemplo as pizarras de tamaño tan reducido e tan distantes de moitas zonas da aula, ou a ausencia de luz natural do recinto. Hai un acordo no feito de que a aula debe ser substituída ou cando menos mellorada, e que no estado actual proxecta unha mala imaxe da escola.</p> <p>Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12.20 horas</p> <p>Ourense, 21 de febreiro de 2024</p> <p>José Ramón Salgueiro Piñeiro (Coordinador de primeiro curso)</p>	

REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE PRIMEIRO CURSO

CURSO: 2023/24

DATA: 26 de xuño de 2023

COORDINADOR DO CURSO: José Ramón Salgueiro Piñeiro

ASISTENTES: Begoña Cid (Cálculo II), Xosé Luis Alonso (Química), e José Ramón Salgueiro (Física II e coordinador de curso).

ANÁLISE:

A reunión deu comezo ás 11.00 e foi convocada co gallo de discutir distendidamente sobre a actividade docente do primeiro cuatrimestre.

Debatiuse brevemente sobre se se sabía algo respecto da consulta que a dirección da escola tiña feita para determinar se é posible facer recuperación de probas de avaliación na data do exame final. Xusto no momento da reunión recibíuse un correo electrónico do coordinador de grao no que se confirmaba esta posibilidade.

O prof. Xosé Luis Alonso comenta brevemente acerca dun erro que se cometeu na presentación da súa asignatura respecto ó sistema de avaliación que se tivo que aclarar recorrendo ó que establecía a guía docente, pero sen maior consecuencia.

O prof. José R. Salgueiro comenta sobre a claridade coa que deben describirse as probas de avaliación na guía docente, que impide certo marxe de acción sobre a marcha do curso para propoñer probas adicionais cando se considerasen pertinentes. Conta que este curso fixo algunhas pro pero que as contabilizou como puntuación extra. A profesora Begoña Cid contesta que en realidade na guía docente pódese incluír a posibilidade de acadar ata un 10% de cualificación con probas deste tipo sen necesidade de precisalas dun xeito específico; tan só facendo constar na devandita guía o feito de que se avaliarán, e engadindo a porcentaxe da nota total que se contabilizará. Quedan dentro do que se pode considerar "asistencia", que se refire evidentemente a actividades desenvolvidas dentro da aula.

Finalmente coméntase sobre o resultado do cuatrimestre. O prof. José Ramón Salgueiro conta que obtivo uns resultados excelentes debido, sen dúbida, o sistema de avaliación empregado no que non esixiu nota mínima nas diferentes probas de avaliación. O prof. Xosé Luis Alonso di que el tivo resultados piores pero seguramente debido ao sistema máis estrito de avaliación no que se esixían notas mínimas en cada proba.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11.15 horas

Ourense, 26 de xuño de 2024

José Ramón Salgueiro Piñeiro
(Coordinador de primeiro curso)

Curso 2º. Diego González Salgado

Levou a cabo unha reunión de coordinación no primeiro cuadrimestre resumida na seguinte acta:

Ficha de seguimento das reunións de coordinación

EEAE-005

Datos da reunión

Titulación: Grao en Enxeñaría Aeroespacial

Curso: 2023/2024

Data e hora: 5 setembro de 2023, vía e-mail

Coordinador/a: Diego González Salgado

Contido

Asistentes: Claudio Cerdeiriña Álvarez (Mecánica Clásica)
Ana Belén Albo López (Inxeniería Eléctrica)
M^a Begoña Cid Iglesias (Métodos Matemáticos)
David Álvarez González (Ciencia y Tecnología de los Materiales)
Silvia Gómez Barreiro (Ciencia y tecnología de Materiales)
Diego González Salgado (Termodinámica y coordinador)

Motivo da reunión: Elaboración del calendario de exámenes parciales del primer cuadrimestre del segundo curso de la EEAE

Temas formulados:

Medidas acordadas: Se acordó fijar las siguientes fechas para la realización de los exámenes parciales:
Termodinámica (20/10/2023, 17/11/2023 y 5/12/2023)
Métodos Matemáticos (02/11/2023 y 30/11/2023)
Inxeniería Eléctrica (22/11/2023)
Mecánica Clásica (09/11/2023 y 07/12/2023)
Ciencia y Tecnología de Materiales (30/10/2023)

No segundo cuatrimestre realizouse outra reunión resumida na seguinte acta:

Datos da reunión

Titulación: Grao en Enxeñaría Aeroespacial
Curso: 2023/2024
Data e hora: 12 febreiro de 2024, vía e-mail
Coordinador/a: Diego González Salgado

Contido

Asistentes: Tomás Cotos Yáñez y Eduardo Novo Loureiro (Estadística)
Pedro Orgeira Crespo (Transporte aéreo y sistemas embarcados)
Luis Rodríguez Pérez (Mecánica de fluidos)
Ricardo Bendaña Jácome (Resistencia de materiales)
Carlos Castro Miguéns y Matías García Rivera (Electrónica y automática)
Diego González Salgado (coordinador)

Motivo da reunión: Elaboración del calendario de exámenes parciales del segundo cuatrimestre del segundo curso de la EEAE

Temas formulados:

Medidas acordadas: Se acordó fijar las siguientes fechas para la realización de los exámenes parciales:
Resistencia de materiales (no realiza examen parcial)
Electrónica y automática (4/4/2024; 7/5/2024)
Transporte aéreo y sistemas embarcados (11/3/2024)
Mecánica de fluidos (11/4/2024)
Estadística (4/3/2024; primera semana de abril)

Curso 3º. David Álvarez González

En relación co primeiro cuadrimestre:

REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE CURSO Grado en Ingeniería Aeroespacial						
CURSO: 2023-24			FECHA y Hora: 19/09/2023			
COORDINADOR/A DEL CURSO: David Álvarez González (1C, 3º Curso)						
Asistentes: Begoña Cid, Santiago García, Diego Carou, Borja Conde, Luis Rodríguez						
Motivo da reunión: Reunión profesores del primer cuatrimestre de 3º Curso para la información sobre la coordinación del curso y para fijar las fechas de los exámenes parciales. La reunión se realiza por correo electrónico.						
Temas formulados: Se solicita la previsión inicial de fechas de pruebas y exámenes parciales, entregas de trabajos y visitas a empresas de las materias del segundo cuatrimestre para poder confeccionar un calendario para compartir. Se envía una Excel como plantilla para cubrir por cada profesor.						
Medidas acordadas: Se comparte toda la información con los profesores del curso y se comprueba que no existen solapes destacables.						
COORDINACION 3º AERO 23-24 1C						
		COORDINADOR	Parcial 1	Parcial 2	Salidas de campo	Otro s
	Mecánica de sólidos y Estructuras Aeronáuticas	Borja Conde y Rafa comesaña (bconde@uvigo.es, racomesana@uvigo.es)	Pendiente alumnos	24/11/2023		
	Fabricación Aeroespacial	Diego Carou (diecapor@uvigo.es)	14/11/2023 13:45	fecha oficial	21 Y 28 DE NOVIEMBRE. Llegada a las 11	
	Mecánica de Fluidos II	Luis Rodríguez Y Eduardo Suarez (lurodriguez@uvigo.es, suarez@uvigo.es)	10/11/2023 (MFL-II)	11/12/2023 (MFL-II, Parcial 2) y 11/01/2024 Final		30/11/2023 (Entrega trabajo CFD)
A N	Aerorreactores y motores alternativos aeronáuticos	Santiago García, (santiago.garcia.seoane@uvigo.es)	24/10/2023 16:00	05/12/2023 16:00	07/11/2023 16:00 Visita Taller Renfe en Ourense (en horario prácticas)	

E					
Q		Begoña Cid	25/11/2		
M	Cálculo Numérico	(bego@dma.uvigo.es)	023	05-dic	

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
			1 SETEMBRO	2 Presentación 1 ^º
5	6	7	8	9
12	13	14	15	16
19	20	21	22	23 Festa do centro
26 Exames (FC) Grao	27	28	29	30
3 OUTUBRO	4	5	6	7
10	11	12 Hispanidade	13 Exames (FC) Grao	14
17	18	19	20	21
24	25	26	27	28
31	1 NOV. Todos os Santos	2	3	4
7	8	9	10	11 S. Martiño
14	15	16	17	18
21	22	23	24	25
28	29	30	1 DECEMBRO	2
5	6 Constitución	7	8 I. Concepción	8
12 Exames (1C) Grao	13	14	15	16
9 XANEIRO	10	11	12	13
16	17	18	19	20
23	24	25 Exames (1C) Grao	26	27 Sto Tomás

En relación co segundo cuadrimestre :

REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE CURSO Grado en Ingeniería Aeroespacial	
CURSO: 2023-24	FECHA y Hora: 01/02/2024
COORDINADOR/A DEL CURSO: David Álvarez González (2C, 3º Curso)	
Asistentes: Carlos Ulloa, Fermín Navarro, Antonio Rodicio, Santiago Fernández, Daniele Tommasini, David Álvarez.	
Motivo da reunión:	

Reunión profesores del segundo cuatrimestre de 3º Curso para la información sobre la coordinación del curso y para fijar las fechas de los exámenes parciales. La reunión se realiza por correo electrónico.

Temas formulados:

Se solicita la previsión inicial de fechas de pruebas y exámenes parciales, entregas de trabajos y visitas a empresas de las materias del segundo cuatrimestre para poder confeccionar un calendario para compartir. Se envía una Excel como plantilla para cubrir por cada profesor.

Medidas acordadas:

Se comparte toda la información con los profesores del curso y se comprueba que no existen solapes destacables.

COORDINACION 3º AERO
23-24 2C

COORDINADOR	Parcial 1	Parcial 2	Salidas de campo/Visitas a empresas/ Otros	Semanas que libera las aulas de informática
Fermin Navarro fermin.navarro.medina@uvigo.es	martes 2 de abril			07/05/2024 Presentación trabajos Libera la CA 0.8 las semanas 1, 2, 3, 10, 11, 12
Antonio Rodicio antonio.rodicio@orange.com	lunes 18 de marzo	lunes 6 de mayo		
Santiago Fernández santiago.fernandez.gonzalez2@uvigo.es	Viernes 22 de Marzo	Martes 21 de Mayo		
Carlos Ulloa carlos.ulloa@uvigo.es	Jueves 29 de febrero	Prueba de prácticas: miércoles 24 y viernes 26 de abril		1 y 3 /05/2024 Presentación de Trabajos Semana 2,
David Álvarez davidag@uvigo.es	NO	NO	14/03/2024 Visita a CIE Galfor	02/05/2024 Presentación Trabajos
Daniele Tommasini daniele@uvigo.es	Jueves 21 de marzo	No		

Curso 4º. Carlos Ulloa Sande

Durante o primeiro cuadrimestre realizouse a coordinación a través de correos electrónicos:

REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE CURSO Grado en Ingeniería Aeroespacial	
CURSO: 2023-24	FECHA y Hora: 19/09/2023
COORDINADOR/A DEL CURSO: Carlos Ulloa Sande (1C, 4º Curso)	
Asistentes: Carlos Ulloa Sande, Matías García Rivera, Guillermo Rey González	
Motivo da reunión: Reunión profesores del primer cuadrimestre de 4º Curso para la información sobre la coordinación del curso y para fijar las fechas de los exámenes parciales. La reunión se realiza por correo electrónico.	
Temas formulados: Se solicita la previsión inicial de fechas de pruebas y exámenes parciales, entregas de trabajos y visitas a empresas de las materias del primer cuadrimestre para poder confeccionar un calendario para compartir. Se envía una Excel como plantilla para cubrir por cada profesor.	
Medidas acordadas: Se comparte la información recibida con los profesores del curso y no hay ninguna incompatibilidad (Excel adjunta).	

Asignaturas 4º Curso - 2C	Fechas previstas pruebas parciales/Evaluación Continua	Fechas entrega trabajos Evaluación Continua	Fechas visitas/salidas a empresas
Mecánica de vuelo			
Parcial	30/10/2023		
Trabajo		04/12/2023	
Dirección y gestión de proyectos			
Trabajo		22/11/2023	
Aeronaves de ala fija y rotatoria			
Trabajo		22/11/2023	
Mantenimiento y certificación de vehículos aeroespaciales			
Examen práctico certificación	15 y 16/11/2023		
Examen teórico certificación	07/11/2023		
Examen teórico mantenimiento	07/12/2023		
Examen práctico mantenimiento	05 y 07/12/2023		
Trabajo y memorias de prácticas		12/12/2023	
Sistemas de Propulsión			
Parcial problemas	19/10/2023		
Parcial teoría	16/11/2023		
Trabajo TT1		26/10/2023	
Trabajo TT2		07/12/2023	
Memorias de prácticas		08/01/2024	
Control y optimización, Matias, mgrivera@uvigo.es			
Primera Prueba Preguntas Desarrollo	24/10/2023		
Prueba Practicas Laboratorio	14/12/2023		
Segunda Prueba Preguntas Desarrollo + Pruebas Globales	19/12/2023		
Entregas		08/12/2023	
Vehículos aeroespaciales			
Parcial	06/11/2023		
Trabajo		22/11/2023	

E do segundo cuadrimestre a seguinte:

<h2>REUNIÓN DE COORDINACIÓN DE CURSO</h2> <h3>Grado en Ingeniería Aeroespacial</h3>	
CURSO: 2023-24	FECHA y Hora: 01/02/2024
COORDINADOR/A DEL CURSO: Pedro Orgeira Crespo (2C, 4º Curso)	
Asistentes:	
Carlos Ulloa, Pedro Orgeira, Laura de la Torre, Lorena Otero, Higinio González, Diego Carou, David Álvarez	
Motivo da reunión:	
Reunión profesores del segundo cuatrimestre de 4º Curso para la información sobre la coordinación del curso y para fijar las fechas de los exámenes parciales. La reunión se realiza por correo electrónico.	
Temas formulados:	

Se solicita la previsión inicial de fechas de pruebas y exámenes parciales, entregas de trabajos y visitas a empresas de las materias del segundo cuatrimestre para poder confeccionar un calendario para compartir. Se envía una Excel como plantilla para cubrir por cada profesor.

Medidas acordadas:

Se comparte toda la información con los profesores del curso y se comprueba que no existen solapes destacables.

COORDINACIÓN 4º AERO 23-24 2C						
COORDINADOR	e-mail	Parcial 1	Parcial 2	Salidas de campo/Visitas a empresas/	Otros	Semanas que lib de informática
Diego Carou	diecabor@uvigo.gal					
Higinio González	higiniog@uvigo.gal	semana 18 marzo (coord. alumnado) - horario de clase	semana 22 abril (coord. alumnado) - horario de clase	08/04 - visita Rozas // - visita Noia (pte fecha)		
David Álvarez	davidag@uvigo.gal	NO	NO	05/04- visita Lupeon// 14/03 visita a CIEGalfor	30/04 presentación de traballos	Libero LAB B2 ser
Pedro Orgeira	porgeira@uvigo.gal		19/03/2024 0:00	05/03/2024 COASA, 01/03/2024 NAVANTIA (pendiente confirmar)		Podría liberar la 2 semanas. Es posi hagamos algún a facilitar a los alu prácticas hacerla
Laura de la Torre	ltr@uvigo.gal					
Lorena Cerdeira	locerdeira@uvigo.gal	semana 1 abril (pendiente coordinar alumnado) - horario de clase	semana 6 mayo (pendiente coordinar alumnado) - horario clase		presentaciones: 15/04;22/04;29/04	